



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Na Casa de Cultura de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e dez minutos do día vinteseite de outubro de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez, D. Xoán Manuel Tubío Fernández, D. Arcadio Lombao Román, e D. Manuel Varela Granda, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O PASADO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2006.

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 25 de agosto de 2006, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA: PERMUTA DE PORCIÓN DE CAMIÑO EN MAUNFE

Inicia o debate o sr. Pardo Lombao, defendendo a proposta de modificación do trazado do camiño na mellora das características do vial ao evitarse a angostura do paso entre as edificacións existentes.

O sr. Varela Granda, voceiro do PSdG-PSOE, recorda que xa se tramitou algún expediente similar perante este Pleno, e que se o resultado é a eliminación dun tapón e a mellora do trazado do vial, pola súa parte non existe inconvinte á aprobación da proposta. Pregunta o sr. Varela se houbo alegacións no trámite de información pública.

Resposta o sr. Secretario que non se presentou alegación ou suxerencia algunha.

Pregunta o sr. Tobío, voceiro do grupo municipal do BNG, se o camiño é de titularidade municipal.

Resposta o sr. Pardo Lombao que si, que o camiño é de titularidade municipal.

Asegura o sr. Tobío que non existe inconvinte pola súa parte para aprobar a proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE DESAFECTACIÓN E POSTERIOR PERMUTA DUN TRAMO DE CAMIÑO EN TOIRAL (FRANCOS)

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Mediante escrito de rexistro de entrada de data de 10 de agosto de 2006, don Alfonso Rábade Ferreiro solicita o Concello de Outeiro de Rei a permuta do tramo de camiño público municipal que discurre polo vento norte da parcela 229 do polígono 28 do catastro de rústica do Concello de Outeiro de Rei e colinda coas edificacións sitas sobor as parcelas 215 e 214 do mesmo polígono.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A razón da petición se basea no feito de que sobor a parcela 229 existe unha edificación tradicional no seu linde co camiño, polo que o citado camiño discorre encaixonado entre as edificacións aludidas. O carácter complementario da edificación da parcela 229 respecto das edificacións tradicionais das parcelas 215 e 214, aconsella que se ubiquen nunha mesma parcela sen solución de continuidade.

Dende o punto de vista do interese público, a alineación actual das edificacións respecto do camiño difiren moito dos retranqueos da normativa vixente en defensa da seguridade vial e defensa do dominio público. Dada a antigüidade das edificacións, a súa existencia está consolidada atopándose en situación de fora de ordeación, polo que o Concello de Outeiro de Rei debería proceder a expropiación forzosa previa modificación do planemento vixente.

Como é lóxico, os custes desta última opción sería moi elevados, e, por outra parte, a intervención forzosa sería desproporcionada en atención á existencia da vontade concorrente do interesado.

Por outra parte, a solución proposta sería a de cambiar o trazado actual do camiño no tramo descrito, de xeito que dito tramo discorrería pola actual parcela 229, deixando a edificación existente nesta parcela polo vento norte do novo trazado.

Por todo iso, propónse ao Pleno da Corporación municipal:

Aprobar o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público que discorre entre a parcela 229 e 214 e 215 do polígono 28 do Concello de Outeiro de Rei, así como a simultánea afectación ó dominio público viario dunha franxa de terreo de cinco metros de ancho a discorrir pola parcela 229, de xeito que a franxa a afectar lindaría, polo norte, coa edificación existente na parcela 229, polo sur, parcela 229, este e oeste, camiño público”

Sometida a proposta a votación, resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL

Por orde do Presidente da Corporación, o sr. Secretario da conta sucinta do contido das inmatriculacións que compoñen a rectificación proposta, e cuxo texto íntegro é o seguinte:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 23

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: PARCELA 1.6.2

NATURALEZA DO INMOBLE:

Patrimonial

Prescripción: uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, parcela 1.6.1, propiedade do Concello de Outeiro de Rei

Sur: rúa interior do polígono



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Este: parcela SIPS41 do polígono empresarial de Matela
Oeste: vial municipal.

SUPERFICIE: 973,88 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 873,32 M2.

CUOTA DE PARTICIPACIÓN: 1,737%

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 23

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: A BARCIELA/ CANTÓN

Linderos: NORTE: María Pilar Casanova Seijas; SUR: Magdalena Casanova Seijas; ESTE: finca matriz; OESTE: camiño público municipal da Agraña.

SUPERFICIE: 165 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 31 de agosto de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 24

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: PARCELA 1.4.1

NATURALEZA DO INMOBLE:

Patrimonial

Prescripción: uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, vial municipal

Sur: parcela 1.4.2, propiedade de Jesús Sangiao Suarez e Esposa

Este: vial municipal

Oeste: parcela 1.4.3 destinada a zona verde.

SUPERFICIE: 3.503,66 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 3.141,90 M2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 24

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: A BARCIELA/ CANTÓN



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Linderos: NORTE: María Pilar Casanova Seijas; SUR: Magdalena Casanova Seijas; ESTE: camiño público; OESTE: finca matriz.

SUPERFICIE: 84 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 31 de agosto de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 25

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: PARCELA 1.5.2

NATURALEZA DO INMOBLE:

Patrimonial

Prescrición: uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, parcela 1.5.1, propiedade de Manuel Castro Vázquez

Sur: parcela 1.5.3, propiedade de Francisco Castiñeira Fraga e esposa

Este: vial municipal

Oeste: parcelas fora do polígono.

SUPERFICIE: 522,71 m².

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 468,73 M².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Registro da Propiedade: en trámite de inscrición.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 25

OUTEIRO DE REI

NOME: PORCIÓN VIAL EN OUTEIRO DE REI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: CAMIÑO DE SANTA ISABEL, NÚMERO 22

Linderos: NORTE: finca matriz; SUR: Camiño público; ESTE y OESTE: fincas urbanas núcleo de Outeiro de Rei.

SUPERFICIE: 98 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 23 de agosto de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 26

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: PARCELA 1.6.1

NATURALEZA DO INMOBLE:

Patrimonial

Prescripción: uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, parque empresarial de Matela

Sur: parcela 1.6.2, propiedade do Concello de Outeiro de Rei

Este: parcela 14, propiedade de Avelino Villamarín Fernández; parcela 21, propiedade de D. Manuel Illán Vázquez e parcela SIPS41, do Concello de Outeiro de Rei.

Oeste: vial municipal.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 2.203,27 m².

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 1975,78 M².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Registro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 26

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS/FONDAL

Lindeiros: NORTE: Juan González; SUR: Amparo Castro; ESTE: finca matriz; OESTE: camiño público municipal da Aagriña.

SUPERFICIE: 102,35 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 13 de outubro de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: en trámite de inscrición.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

VIAL Nº 26

CABOI

NOME:

Vento sur das parcelas 691 e 692 do polígono 27 d catastro de rústica.

NATURALEZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: TRAS AIRAS

Lindeiros:

NORTE: parcelas 691 e 692 do polígono 27 de rústica.

SUR: parcela 663 do polígono 27 de rústica.

ESTE: intersección con camiño público

OESTE: intersección con camiño público.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: pavimentación en terra.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescripción inmemorial. Resolución da Alcaldía de expediente de investigación de data de 11 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non consta.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 27

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: PARCELA 1.4.3

NATURALEZA DO INMOBLE:

Uso público.

Prescripción: zona verde

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros:

Norte, calle no incluída en el presente plan de sectorización.

Sur: parcela 1.4.4 de uso dotacional, propiedade do Concello de Outeiro de Rei

Este: parcela 1.4.2, propiedade de don Jesús Sangiao Suarez y esposa y parcela 1.4.1 propiedade do Concello de Outeiro de Rei.

Oeste: calle no incluída en el presente plan de sectorización.

SUPERFICIE: 7.615,10 m².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 27

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: CABOI/ PARCELA DOS CARRÍS

Linderos: NORTE: Carmen Novo; SUR: Eulogio Blanco; ESTE: camiño municipal; OESTE: finca matriz.

SUPERFICIE: 73 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 29 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

VIAL Nº 27

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME:

Viales do polígono empresarial A Areeira- fase uno-

NATURALEZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo/lugar: Polígono empresarial de A Areeira- Fase uno-

Lindeiros: parcelas de resultado do proxecto de compensación.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: pavimentación segundo proxecto de urbanización aprobado definitivamente con data de

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámite de inscrición

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 28

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: PARCELA 1.4.4

NATURALEZA DO INMOBLE:

Uso público.

Prescrición: dotacional público

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, parcela 1.4.3 adicada a zona verde.

Sur: vial municipal



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Este: parcela 1.4.2, propiedade de don Jesús Sangiao Suarez
Oeste: calle no incluída en el presente plan de sectorización.

SUPERFICIE: 4.648,68 m².

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 4.168,69

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscripción.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 28

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: AS CABADAS/ CORTIÑA GRANDE

Linderos: NORTE: 348 do polígono 12 e finca matriz; SUR: camiño público; ESTE: finca matriz e Jesús Granda; OESTE: camiño público municipal.

SUPERFICIE: 235 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 18 de abril de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Rexistro da Propiedade: no consta



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 28

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: AS CABADAS/ CORTIÑA GRANDE

Linderos: NORTE: 348 do polígono 12 e finca matriz; SUR: camiño público; ESTE: finca matriz e Jesús Granda; OESTE: camiño público municipal.

SUPERFICIE: 235 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de fecha de 18 de abril de 2006.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: no consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 29

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS

NATURALEZA DO INMOBLE:

Patrimonial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, parcela 1.5.4 propiedade de Josefa Redondo Castiñeira

Sur: carretera de Castro

Este: vial municipal

Oeste: parcelas fora do polígono



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 578,74 m2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.”

Intervén o sr. Varela Granda, que dí que, según parece, se segue a traballar no inventario municipal, e que non ve inconveniente para apoiar a aprobación da presente rectificación.

O sr. Pardo Lombao asegura que, ao ritmo que permite a dispoñibilidade de persoal e de medios técnicos existente, se está a actualizar constantemente o inventario existente, e que se seguirá neste camiño.

Sometida a votación a proposta de rectificación transcrita, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 2297.

O sr. Tobío, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá conta do contido da moción presentada, e que resposta ao seguinte teor literal:

“XOAN MANUEL TUBÍO FERNÁNDEZ E ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte moción para o seu debate e aprobación no vindeiro pleno ordinario de 27 de decembro de 2006.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta de Galiza aprobou o 15 de xuño deste ano a creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos concellos galegos. Neste mesmo acordo autorizouse a sinatura do Convenio para a constitución do Consorcio entre a Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e os concellos de Portas, Taboadela, Vilamarín, Boimorto, Carnota, As Neves, Outes, Xove, Cerdedo, Allariz, A Illa de Arousa, Laza, Ribadeo e Carballeda de Avia. Convenio que levou anexos os Estatutos que establecen o réxime orgánico, funcional e financeiro do mesmo. E o día 3 de xullo, procedeuse a sinatura do citado Convenio de Colaboración, coa súa publicación, xunto cos Estatutos do Consorcio, no Diario Oficial de Galiza nº 131 de data 7 de xullo de 2006.

A sesión constitutiva do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar tivo lugar, nas dependencias da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o día 10 de xullo pasado; sesión na que, ademais de proceder á constitución formal dos órganos de Consorcio-Asamblea Xeral e Comité Directivo- e á elección do Vicepresidente, se adoptaron, entre outros, os seguintes acordos: aprobación do orzamento provisional para o ano 2006 e inicio dos trámites para a contratación do/a Xerente do Consorcio.

En consecuencia, dende a data da súa sesión constitutiva, o Consorcio se atopa en pleno funcionamento, recibindo, neste período de tempo, un total de 77 novas solicitudes de adhesión de concellos e de conformidade co mecanismo previsto ao efecto nos estatutos do Consorcio.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O día 2 deste mes de outubro, celebrouse a sesión ordinaria do Comité Directivo do Consorcio, na que se adoptaron, entre outros, os seguintes acordos: admisión dun total de 77 concellos que tiñan solicitado formalmente a súa adhesión ao Consorcio e nomeamento, como Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a D. Lois Pérez Castrillo, unha vez rematado o proceso selectivo convocado ao efecto.

En consecuencia, a día de hoxe, forman parte do Consorcio un total de 100 entidades locais –entre elas, a Mancomunidade do Ribeiro- (tendo en conta os 14 concellos que inicialmente subscribiron o convenio para a súa constitución).

As primeira estimacións que existen en relación aos orzamentos do ano 2007, sitúanse en torno aos nove millóns de euros –ampliabeis-, que estarían destinados unicamente a sufragar os gastos de funcionamento e mantemento dos centros existentes (escolas infantís, centros de día, residencias de maiores...).

Hai que aclarar, diante dalgunhas manifestacións partidistas e terxiversadoras do PP, que como consecuencia das negociacións e contactos mantidos coa FEGAMP no proceso de elaboración dos estatutos do Consorcio, estes reflexan moitas moitas das cuestións demandadas en nome dos concellos, e así o recollen os estatutos publicados no DOG do 7 de xullo, como son:

- No artigo 1 se exclúen expresamente do Consorcio as cantidades que, para a asistencia social básica aos colectivos afectados, reciban os entes locais procedentes do plan concertado.
- Igual mente o artigo 1 recolle outra das cuestións reclamadas pola FEGAMP, consistente en que a entrada no Consorcio non suporá para os concellos incremento de gasto en relación á súa situación inmediatamente anterior e aos seervizos xa en funcionamento.
- No artigo 8 dos Estatutos establécese que os concellos integrantes do Consorcio, que así o soliciten, poderán exercer a administración directa dos centros.
- E, respecto da figura do/a xerente do Consorcio, o artigo 15 o configura como un órgano unipersoal designado polo Comité Directivo, por proposta do/a presidente do Consorcio, de entre profesionais de acreditada cualificación; polo que, en consecuencia, se garante a participacións dos concellos na súa selección.

Sen embargo tales modificacións foron novamente demandadas, como condición previa a súa incorporación ao Consorcio, pro diversos concellos galegos, ben por manipulación partidista do PP ou ben por descoñecemento de que as mesmas xa foron convenientemente recollidas nos estatutos. En consecuencia, na sesión constitutiva do Consorcio celebrada en data 10 de xullo pasado, os/as membros da Asamblea Xeral decidiron pronunciarse expresamente sobre as propostas efectuadas por ditos concellos, ao obxecto de ratificar que as mesmas se atopaban recollidas nos estatutos definitivamente aprobadas e de remover calquera atranco que puidera impedir a incorporación ao Consorcio de tds os concellos que así o desexasen.

Até 2010, o Consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros de servizos sociais.

Ademais dos centros que prevé incorporar, o Consorcio permitirá a construción dun total de 121 novos centros na área de Igualdade –escolas infantís- e de 77 novos centros na área de benestar –entre residencias, minirresidencias e centros de día para a terceira idade e centros de atención á discapacidade-.

Se prevé que o Consorcio poida xerar máis de 4.000 empregos nos distintos concellos implicados na súa actividade. Os centros en materia de igualdade xestionados polo Consorcio poderán xerara un total de 2.000 postos de traballo directos nos concellos en que se atopen e, no caso dos centros da área de benestar, poderán supoñer case 1.700 empregos directos e máis directos e máis de 300 indirectos.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar responde a varias finalidades fundamentais para o BNG: Necesidade de garantir a responsabilización pública e a cooperación interadministrativa na efectiva prestación de servizos sociais de ámbito local, en termos de equilibrio territorial na súa distribución, en condicións de calidade, e baixo o principio básico de proximidade. Modificar o modelo de prestación de servizos sociais existentes, co fin de paliar as deficiencias que nestes momentos presenta: Oferta insuficiente, carácter fragmentario e descontinuo a efectos de xestión e cobertura territorial, e falla de mecanismos efectivos de coordinación entre os sistemas de protección social e os propios axentes. Implantación dun modelo homoxéneo na prestación de servizos sociais para garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incremento dos niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións ; distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación – asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio; contribuir á mellora das condicións de vida e sociais das perosas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo.

Esta fórmula ten vantaxes indubidabais que só desde o partidismo do PP e desde a utilización do Concello como ariete contra as políticas do BNG desenvolvidas desde o Goberno galego poden explicar as reticencias do goberno local a adherirse ao Consorcio.

Coa creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, arbitrase unha fórmula innovadora de xestión no eido das políticas de provisión de servizos sociais, orientada á garantir, en calquera caso, a prestación dun servizo de calidade e con niveis suficientes de cobertura poboacional e territorial.

A Administración Autonómica forma parte do Consorcio como consecuencia de competencias que lle son propias: a planificación e programación e a ordenación do sistema de servizos sociais galegos, en coherencia coas notas centrais que o caracterizan como sistema integrado e de responsabilidade pública

Con pleno respecto ao principio de autonomía local, *a administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes no Consorcio que así o soliciten, e sempre de acordo ás directrices xerais emanadas do mesmo.* A prestación de servizos por parte do Consorcio non é en modo algún substitutoria de competencias municipais, senón unha ferramenta de complementariedade e apoio para os concellos que subministra orientación estratéxica, planificación e asistencia prestacional, especialmente naqueles casos en que os concellos, previsiblemente en atención a súa imposibilidade e/ou insuficiencia na prestación, expresamente o soliciten.

Por todo o dito, non comprendemos as reticencias e atrancos que o Goberno Local do noso concello está a poñer ao respecto. O noso concello precisa adherirse ao Consorcio para poder participar do mecanismo máis útil para lograr que os veciños e veciñas da nosa localidade podan disfrutar de servizos sociais públicos, de calidade e correctamente xestionados e financiados.

É por todo isto que propomos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Facultar á Alcaldía a formalizar a adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizoas de Igualdade e Benestar.

Outeiro de Rei, 19 de outubro de 2006”



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A continuación, o sr. Varela Granda, voceiro do PSdG-PSOE, manifesta o seu apoio a moción, xa que, dende o seu punto de vista, unicamente reportará beneficios ao Concello. Asemade, pregunta ao sr. Alcalde porqué, a día de hoxe, non se adheriu o Concello de Outeiro de Rei ao Consorcio.

Fai uso da palabra o sr. Pardo Lombao, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que xustifica o rexeitamento da moción en base aos seguintes puntos:

En primeiro lugar, porque o contido da moción conleva a utilización do Concello coma ariete contra o Partido Popular por unha falsa falla de vontade de colaboración institucional. Chegados a este punto, afirma o sr. Pardo que o Concello de Outeiro de Rei xa asinou varios convenios con diferentes consellarías do BNG e, se a día de hoxe non asinou convenios coas consellarías do PSdG-PSOE foi porque dende ditas consellarías non lle deron oportunidade.

Polo tanto, non pode apoiar unha moción en cuxo texto se contén, de xeito implícito, unha mentira como a exposta.

En segundo lugar, porque con data de rexistro de saída de 14 de xullo de 2006, e en relación a creazón do consorcio do que estamos a falar, o Concello de Outeiro de Rei remitiu a consellaría correspondente unha proposta de modificación dos estatutos do consorcio que, a día de hoxe, non tivo resposta algunha.

Con isto non está a dicir que o Concello de Outeiro de Rei non se integrará no consorcio, senón que, con carácter previo, a consellaría deberá clarificar unha serie de aspectos que aínda non son del todo claros e, como non podería ser de outro xeito, deberá retomar o diálogo respostante, nun sentido ou noutro, a proposta enviada dende o Concello.

A creación dun consorcio ou a sinatura dun convenio é cousa de dous, xa que son xeitos de colaboración voluntaria no exercizo das respectivas competencias. Os concellos non están subordinados á Xunta de Galicia, polo que sinatura do convenio non pode ser imposta por unha das partes, senon que debe ser o fruto do consenso e do diálogo. Non é este o xeito de proceder da consellaría cando, dendo o mes de xullo, non contestou a proposta municipal.

Por outra banda, non se pode esquecer que o Concello de Outeiro de Rei está a invertir dacotío en servizos sociais, que está a facer exercizo tras exercizo un gran esforzo para manter, mellorar e ampliar estes servizos, e que os resultados están a vista.

No segundo turno de intervencións, don Xoan Manuel Tobío expón o que sigue:

Segundo parece, o sr. Pardo desvincula a aprobación da moción da adhesión ao consorcio. Polo tanto, parece que hai consenso sobor o fondo do asunto, non sobor a forma.

Cree que é moi importante para o Concello de Outeiro de Rei a adhesión ao consorcio, xa que pretende impulsar os servizos sociais dende tódolos sectores implicados, integrando, incluso, a iniciativa privada na súa financiación.

O BNG cree que a igualdade na prestación dos servizos sociais unicamente pode conseguirse a través dunha entidade de coordinación como é a do consorcio, xa que se garante un nivel mínimo dos servizos en tódolos concellos consorciados ao tempo que se preserva a autonomía municipal. A proba é que, a día de hoxe, xa hai máis de cen entidades locais que manifestaron a súa vontade de integrarse no consorcio.

Se o Concello de Outeiro de Rei non se adhire, quenes perden son os veciños.

Pola súa banda, o sr. Varela Granda di que non vé inconvintes en apoiar a adhesión ao consorcio. Segundo o seu parecer, un dos pilares do estado do benestar é a creazón de mecanismos de coordinación na atención das persoas desfavorecidas, e que o consorcio proposto responde a esta necesidade do estado do benestar.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, que expresa a súa sorpresa pola repentina confianza dos membros da oposición na figura dos consorcios, xa que non fai moito tempo repudiaban esta forma organizativa.

Advirte que a creación dun consorcio non é a panacea que resolverá tódolos males ou que, por sí mesma, mellorará o servizo. Os consorcios son modelos de prestación de servizos que, como todo, pode xestionarse ben ou mal. De feito, existen outras modalidades de coordinación e colaboración (como a coordinación dende a propia Dirección Xeral), que non pasan pola creación do consorcio.

En calquer caso, advirte que con consorcio ou sen consorcio, seguirá a pelear polas prazas concertadas do xeriátrico ou pola implantación doutros servizos como, por exemplo, un centro de día.

Como exemplo desta vontade municipal de mellora e ampliación dos servizos municipais, pode verse a inminente finalización das obras da guardería, que tamén se integran nos servizos sociais.

No tocante aos cen concellos adheridos ao consorcio, resposta ao sr. Tobío que non é unha cifra determinante, xa que son trescentos quince os concellos de Galicia, polo que a gran maioría dos concellos non se adheriron a dito consorcio.

Este fracaso na xestión da creación do consorcio débese, fundamentalmente, a actitude de imposición mantida dende a Xunta de Galicia, esquecendo que as formas de colaboración voluntarias non poden impoñerse, senón negociarse e consensuarse. En caso contrario se atrancan.

O proceso de negociación necesario pasa, inexcusablemente, por contestar as comunicacións e propostas do concello. Nunca pode considerarse diálogo ou negociación a atribución innegociable no seo do consorcio do 51% das participacións a xunta de Galicia e o 49% aos concellos.

Dí o voceiro do BNG que co consorcio gañan os veciños de Outeiro de Rei. Isto xa se verá. Ou gañan ou perden. Eso dependerá de cómo se xestione o consorcio. Os servizos sociais xa están creados e xa se prestan nunhas condicións moi satisfactorias. ¿será capaz o consorcio de mellorar estas condicións?.

No relativo a necesidade de igualar as condicións de prestación dos servizos sociais nos concellos, resposta que os Concellos son maiores de idade, e que son quen de determinar as mellores condicións de prestación destes servizos nos seus respectivos termos municipais e atendendo as súas necesidades e características propias. Por iso cada concello ten a súa propia política e por iso dótase aos concellos de autonomía municipal.

A crenza de que os concellos non son capaces de xestionar os seus intereses e competencias é propia doutros tempos, nos que os Alcaldes os designaba o Gobernador Civil e seguían os seus dictados. Hoxe algúns parece que proponen que esta tutela se manteña. É igual que se dirixa dende Madrid ou dende Santiago, o fondo é o mesmo.

Por último, pregunta ao sr. Tobío se, no caso de que o Concello de Outeiro de Rei non entre no consorcio, vai ser castigado dalgún xeito pola consellaría.

Resposta o sr. Tobío que non se pretende castigar aos concellos, senón que se pretende que a meirante parte dos cretos da consellaría se invirtan nos concellos adheridos ao consorcio.

Volta a intervir o sr. Pardo, que expresa o seu desexo de que as intencións de operatividade do consorcio se leven a cabo, xa que os outros convenios asinados ata o momento coa nova Xunta de Galicia están bastante coxos.

Pon coma exemplo a vontade expresada polo XESTUR de non executar o convenio asinado no seu día co Concello de Outeiro de Rei e referente a execución do polígono de Matela polo sistema de expropiación.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asemade, asinou fai poucos días un convenio de promoción á igualdade coa conselleira do ramo. Espera que os compromisos reflectidos no convenio se leven a cabo.

Advirte que unha boa xestión non se limita a asinar convenios, senón a executalos. Iso é o que queren os veciños.

O que non se pode facer é o que sucedeu cos incendios forestais, que a Consellería votou balóns fora acusando de incumprimento ao concellos. Curiosamente, o número de concellos gobernados polo PSOE e BNG que foron tachados de incumpridores é moi superior, en termos relativos, ao correspondente aos concellos gobernados polo Partido Popular. O que sucede é que son moitísimos máis os concellos gobernados por este último partido.

Conclúe que rexeita a moción polo seu contido formal, non rexeitando, polo de agora, a adhesión ao consorcio. O que sucede é que non pode apoiar unha moción que minte deste xeito.

Por último, pregunta ao voceiro do grupo municipal do BNG se quere retirar a moción.

Resposta o sr. Tobío que non pretende retirar a moción, xa que, o seu entender, o proposto nela é positivo para o Concello de Outeiro de Rei.

Asegura o sr. Pardo Lombao que non se sabe, ata o momento, se é positivo ou non. Haberá que esperar a ver se se executa o previsto na proposta de convenio. E se non xá se decidirá.

Sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Efectuada a votación, a moción resulta rexeitada por oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

5.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS.-

Non se formularon rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Secretario,

Vº e Praxe,
O Alcalde,